

RESOLUCIÓN

Resolución das solicitudes do deputado don Rafael R. Villarino de acceso á relación de solicitudes de subvención para autónomos e pequenas empresas presentadas o 12.5.20.

Con data 3.6.2020 e número de rexistro de entrada 2020/25260, don Rafael Rodríguez Villarino, na súa condición de deputado provincial e voceiro do Grupo Socialista na Deputación Provincial de Ourense, solicitou “relación e copia das solicitudes presentadas no rexistro desta Deputación ou noutros legalmente establecidos con data 12 de maio de 2020, indicando data e hora de rexistro, así como datos do solicitante, sobre as subvencións convocadas pola Deputación para traballadores autónomos e pequenas empresas dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes afectados pola crise do COVID 19”.

Con data 4.6.2020, e número de rexistro de entrada 2020/25501, o mesmo deputado provincial formulou unha nova solicitude, co mesmo contido que a do 3.6.2020, agás nos seguintes aspectos:

a) Dunha banda, na solicitude do 4.6.2020 non se pide “copia das solicitudes” senón unicamente a “relación”

b) Doutra banda, na solicitude do 4.6.2020 especificase que a relación solicitada é a das solicitudes con entrada de 12.5.2020 “que xa foran resoltas e pagadas aos solicitantes”.

Con data 5.6.2020, o Negociado de Transparencia e Información Cidadá (unidade administrativa encargada da tramitación da solicitude), a través da plataforma My Tao de tramitación electrónica de expedientes nesta Deputación Provincial, formulou encargo Á Secretaría Xeral para a emisión de informe sobre as ditas solicitudes.

Con data 8 de xuño de 2020, o Secretario Xeral emite o informe solicitado, no que formula as seguintes consideracións xurídicas:

II. Consideracións xurídicas:

Con carácter previo, hai que precisar que nos atopamos ante dúas solicitudes de acceso á información por parte dun deputado provincial, relacionadas en canto ao seu obxecto xeral pero diferentes se se atende ao seu contido concreto. Neste senso, e dado que non se indica en ningún momento que a segunda solicitude substitúa ou modifique á primeira, ambas deben terse por presentadas e, polo tanto, neste informe partirase de que o que solicita o deputado é o seguinte:

1º) Relación e copia das solicitudes presentadas no rexistro desta Deputación ou noutros legalmente establecidos con data 12 de maio de 2020, indicando data e hora de rexistro, así como datos do solicitante, sobre as subvencións convocadas pola Deputación para traballadores autónomos e pequenas empresas dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes afectados pola crise do COVID 19.

2º) A mesma relación sinalada no apartado anterior, pero reducida ás solicitudes que xa foron resoltas ou pagadas. Non se especifica a data na que foron resoltas ou pagadas, polo que debe entenderse que se refire ás resoltas e pagadas na data de presentación da solicitude (o 4 de xuño ás 13 horas e 1 minuto, que foi a data de entrada no rexistro).

Con carácter xeral, o artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que “todos los miembros de las Corporaciones locales tienen derecho a obtener del Alcalde o Presidente o de la Comisión de Gobierno cuantos antecedentes, datos o informaciones obren en poder de los servicios de la Corporación y resulten precisos para el desarrollo de su función”, precisando no seu parágrafo 2º que “la solicitud de ejercicio del derecho recogido en el párrafo anterior habrá de ser resuelta motivadamente en los cinco días naturales siguientes a aquél en que se hubiese presentado”. Pola súa banda, o artigo 226 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, tras recoller o dereito de acceso nos mesmos termos xerais nos que o formula o artigo 77 da LBRL, engade que “en todo caso, la denegación del acceso a la documentación informativa se hará a través de resolución o acuerdo motivado” e que “los servicios de la Corporación facilitarán directamente información a los miembros de las Corporaciones en los siguientes casos:

a) Cuando se trate del acceso de los miembros de la Corporación que ostenten delegaciones o responsabilidades de gestión a la información de las mismas.

b) Cuando se trate del acceso de cualquier miembro de la Corporación a la información y documentación correspondiente a los asuntos que deban ser tratados por los

órganos colegiados de que formen parte, así como a las resoluciones o acuerdos adoptados por cualquier órgano de la Corporación.

c) Cuando se trate del acceso de miembros de la Corporación a la información o documentación de la Entidad Local que sea de libre acceso para los ciudadanos”.

O artigo 227 da LALG precisa ademais que “todos los miembros de las Corporaciones Locales tienen la obligación de guardar reserva en relación con las informaciones que se les faciliten para hacer posible el desarrollo de sus funciones, singularmente de las que servirán de antecedentes para decisiones que todavía se encuentren pendientes de adopción, así como para evitar la reproducción de la documentación que pueda facilitárseles, en original o copia, para su estudio”.

Á súa vez, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro desenvolve regulamentariamente estas previsións, reproducindo nos artigos 14 e 15 a regulación legal do contido do dereito de acceso (puntualizando que o efecto do silencio administrativo é positivo no caso de que non se responda en prazo de cinco días naturais á solicitude de acceso) e recollendo, no artigo 16, o modo en que debe levarse a cabo a consulta de documentos, nos seguintes termos:

1. La consulta y examen concreto de los expedientes, libros y documentación en general se regirá por las siguientes normas:

a) La consulta general de cualquier expediente o antecedentes documentales podrá realizarse, bien en el archivo general o en la dependencia donde se encuentre, bien mediante la entrega de los mismos o de copia al miembro de la Corporación interesado para que pueda examinarlos en el despacho o salas reservadas a los miembros de la Corporación. El libramiento de copias se limitará a los casos citados de acceso libre de los Concejales a la información y a los casos en que ello sea expresamente autorizado por el Presidente de la Comisión de Gobierno.

b) En ningún caso los expedientes, libros o documentación podrán salir de la Casa Consistorial o Palacio Provincial, o de las correspondientes dependencias y oficinas locales.

c) La consulta de los libros de actas y los libros de resoluciones del Presidente deberá efectuarse en el archivo o en la Secretaría General.

d) El examen de expedientes sometidos a sesión podrá hacerse únicamente en el lugar en que se encuentren de manifiesto a partir de la convocatoria.

2. En el supuesto de entrega previsto en el apartado a) del número anterior, y a efectos del oportuno control administrativo, el interesado deberá firmar un acuse de recibo y tendrá la obligación de devolver el expediente o documentación en un término máximo de cuarenta y ocho horas, o antes, en función de las necesidades del trámite del expediente en cuestión”.

Pecha esta regulación, en fin, o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense que dispón que “os deputados provinciais terán acceso a cantas informacións, documentos e antecedentes obren en poder dos servizos provinciais e dos organismos e entidades dependentes da Deputación Provincial, e á obtención de copias ou á remisión en soporte informático dos arquivos correspondentes, nos termos previstos na lexislación de réxime local, e con respecto en todo caso ó disposto na lexislación de protección de datos e ós dereitos de terceiros. A remisión da información farase preferentemente en soporte informático, sempre que sexa posible”, aclarando que “o dereito de acceso á información refírese a datos, informacións ou documentos existentes, e non inclúe, polo tanto, a elaboración de estatísticas, resúmenes ou informes da documentación posta a disposición dos deputados por parte das unidades administrativas da Deputación, agás nos casos en que a lexislación de réxime local así o estableza. A elaboración de estatísticas, resúmenes e informes, deberá ser realizada, con carácter xeral, polo persoal adscrito ó servizo dos grupos políticos. Non obstante, nos casos en que o manexo e comprensión da información da que se trate requira de especiais coñecementos técnicos ou xurídicos, así como nos supostos en que a elaboración dos resúmenes, informacións ou estatísticas esixa o acceso a información suxeita á normativa sobre protección de datos persoais, a elaboración de estatísticas, resúmenes ou informes será realizada polas unidades administrativas correspondentes, procurando que se leve a cabo no prazo máis breve posible”.

Partindo dos datos normativos anteriores, chégase ás conclusións seguintes:

a) O deputado solicitante ten, en principio, dereito á información solicitada no que se refire ás relacións de solicitantes, ao non existir ningunha norma que impida ou restrinja o dito acceso, que encaixa conceptualmente na noción de “cantas informacións, documentos e antecedentes obren en poder dos servizos provinciais” coa que as normas citadas definen o contido do seu dereito á información. En particular, e polo que á normativa de protección de datos persoais se refire, hai que lembrar que a base 10ª, apartado 2.e) das bases reguladoras

das convocatorias de subvencións de referencia prevé expresamente que os datos persoais subministrados polo solicitantes poidan cederse “a membros da corporación que o soliciten (...) na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas”, tendo este tratamento o seu fundamento no disposto no artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos.

Sen prexuízo do anterior, debe terse en conta que neste caso as dúas solicitudes do deputado interesado se concretan na petición de dúas relacións diferentes:

- En primeiro lugar, unha relación de solicitudes presentadas o 12 de maio de 2020.*
- En segundo lugar, a relación das solicitudes presentadas o 12 de maio de 2020 “que xa foran concedidas e pagadas”.*

A este respecto, e polo que se refire ás dúas relacións de solicitudes, debe destacarse que se trata de documentos que non existen como tales e que deben elaborarse polos servizos provinciais, mediante o tratamento dos datos informáticos correspondentes. Neste senso, resulta moito máis sinxela de elaborar a primeira relación (xa que pode obterse directamente no módulo de rexistro electrónico da aplicación informática usada pola Deputación) ao limitarse a un listado de solicitudes presentadas nunha determinada data; en tanto que a segunda relación (para o caso das solicitudes de autónomos; no que se refire ás de pequenas empresas, cabe adiantar xa que non existe ningunha resolta nin pagada, xa que estas solicitudes se tramitarán de forma conxunta unha vez remate o prazo de presentación de solicitudes no procedemento aberto, prazo que non remata ata o vindeiro 9 de xuño de 2020) esixe combinar datos do módulo de rexistro con datos da aplicación Gema de contabilidade (xa que se piden as solicitudes resoltas e pagadas) descoñecendo por este funcionario o tempo que pode levar a súa elaboración (non sendo posible, en principio, que sexa elaborada polo persoal do grupo político, xa que non consta que teña os coñecementos informáticos e contables precisos para formar eses listados). En todo caso, o Regulamento Orgánico da Deputación dispón nestes supostos que a entrega da información se procurará realizar “no prazo máis breve posible”.

b) Polo que respecta á copia das solicitudes, e entendendo que o que se pide é copia da documentación que integran as ditas solicitudes, estaríamos a falar literalmente de miles de documentos (dado que cada solicitude integra múltiples documentos, cunha media de

catro por solicitante no caso das solicitudes de autónomos – formulario normalizado, certificado censual, recoñecemento da prestación extraordinaria de cese de actividade e certificado de conta corrente, ao que deben engadirse as escrituras sociais no caso dos autónomos societarios e os poderes de representación nos casos, relativamente frecuentes, nos que se actúa a través dun representante) o que, multiplicado polo número de follas deses miles de documentos, determina un volume extraordinariamente importante de documentación, cuxa impresión para o seu traslado ao deputado solicitante implicaría un importante custe económico (en termos relativos) e de tempo material do persoal ao que se encargase esa labor de impresión ou copia. A este respecto, debe terse en conta o seguinte:

- O dereito á obtención de copias non é un dereito incondicional e absoluto dos deputados, dado que o Regulamento Orgánico da Deputación remite aos termos establecidos ao respecto na lexislación de réxime local, e o artigo 16.1.a) do ROF esixe que o libramento se copias sexa expresamente autorizado no suposto no que a documentación de referencia non sexa de libre acceso para os deputados (como é o caso que nos ocupa).

- En segundo lugar, o propio artigo 77 da Lei de Bases de Réxime Local delimita o dereito de acceso á información dos deputados a aquelas informacións que “sexan precisas para o desenvolvemento da súa función”. Neste senso, cabería falar dun principio implícito de proporcionalidade entre a demanda de información dos deputados e a súa necesidade, de xeito que as peticións de informacións de carácter xenérico ou excesivo, nas que non apareza de forma clara esa necesidade, poderían considerarse como supostos de abuso do dereito que, como é sabido, non está amparado pola lei.

- Evidentemente, nun expediente normal a expedición de copias documentais non tería en principio por que supoñer ningún problema. Pero neste caso a demanda de copia de centos de solicitudes – dado que implicaría a impresión de miles de documentos que, ademais, conteñen en moitos casos información sensible das persoas interesadas (como son os seus datos bancarios, por exemplo) – suscita racionalmente a cuestión de si esa petición pode considerarse excesiva ou non xustificada, máxime cando non se expón ningún motivo polo que se necesite dispoñer de copia de tódalas solicitudes, e cando cabe presumir que gran parte desa documentación careza de calquera utilidade ou necesidade para os deputados provinciais do Grupo Socialista (por exemplo, non se acaba de entender por que sería necesario expedir copia dos centos de certificacións de contas correntes achegadas polos solicitantes).

Neste senso, considero que unha solución prudente e proporcionada sería a de facilitarlle ao deputado solicitante (ou a outro deputado ou persoal de confianza do seu grupo político) acceso ás solicitudes habilitando para o efecto un ordenador no Negociado de Transparencia e Información Cidadá (conforme ao artigo 16.1.a) do ROF, e tendo en conta o carácter electrónico dos expedientes), sen prexuízo de que, posteriormente, e tralo análise da documentación, o deputado interesado poida solicitar copia da documentación integrante de determinadas solicitudes, se o considera necesario. Debe advertirse que, en todo caso, con esta decisión non se limita o acceso á información, senón que simplemente se restrinxen a emisión de copias de miles de documentos, á vista do custe que isto suporía e de que a necesidade desas copias non pode considerarse acreditada.

Polo demais, ao fío da cuestión da necesidade de dispoñer da información solicitada polo deputado socialista, e tendo en conta que a dita solicitude se limita ás instancias presentadas o día 12 de maio de 2020, cabe presumir que o motivo desa solicitude de información obedece ao feito de que se tramitasen instancias presentadas nesa data cando as bases das convocatorias respectiva indicaban que o prazo de presentación de solicitudes, de vinte días hábiles, se contaría “a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia” (publicación que tivo lugar no BOP de 12 de maio, co que o prazo non se iniciaría ata o 13 de maio).

A este respecto, esta Secretaría Xeral – encargada da coordinación e xestión do procedemento administrativo de referencia - non pode deixar de facer algunhas consideracións:

1ª) É certo que o prazo de presentación de solicitudes se iniciaba o 13 de maio. Polo tanto, a presentación o 12 de maio implica, en principio, unha infracción formal das normas de prazos do procedemento. Cuestión distinta e cal sexa a consecuencia ou efecto xurídico desa infracción formal.

2ª) O primeiro que hai que advertir é que a presentación dun alto número de solicitudes o día 12 de maio foi causada por un erro involuntario desta propia Secretaría ao redactar o documento informativo das axudas que se colgou na web da Deputación (e que segue dispoñible ao día da data en www.depourense.es) posto que no dito documento fíxose constar que as solicitudes se podían presentar “do 12 de maio de 2020 ao 9 de xuño de 2020, ambos inclusive” tal e como pode comprobarse a día de hoxe, dado que esa información segue publicada nos mesmos termos. Esta información publicouse na web da Deputación a

última hora da tarde do día 11 de maio – co fin de que estivese dispoñible o antes posible para os posibles interesados – en unión dos formularios normalizados precisos para facer as solicitudes.

Por conseguinte, a presentación de solicitudes o 12 de maio non obedeceu, dende logo, a un posible suposto de filtración de información privilexiada a determinadas persoas, senón a unha información errónea, pero difundida de forma xeral e dispoñible para calquera interesado a través da web da Deputación.

3º) En todo caso, e para determinar os posibles efectos legais do incumprimento formal dese prazo de inicio de presentación de solicitudes, hai que partir de que o artigo 48.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, dispón que “la realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo”. É dicir: en principio, a mera infracción dun prazo non invalida unha actuación, agás que así o determine a natureza do termo ou prazo.

Neste senso, cabe descartar, dunha banda, o carácter preclusivo do prazo de inicio de solicitudes (dado que ese carácter, pola súa propia natureza, só se predica da data de finalización do dito prazo, é dicir, do 9 de xuño). Dende este punto de vista, a presentación dunha solicitude antes do inicio do prazo debe considerarse como un suposto análogo ao da presentación da solicitude en día inhábil (dado que, en efecto, esa solicitude se presenta nun día que non está habilitado para realizar o dito trámite) e a este respecto o artigo 31.2.b) da Lei 39/2015 dispón que a presentación en día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Non obstante, e como é lóxico, ese efecto non podería producirse na medida en que a infracción do prazo fose susceptible de causar prexuízos a terceiros (nese senso, a natureza do prazo determinaría a invalidez das actuacións fóra de prazo no caso de darse tal consecuencia).

No caso das subvencións a pequenas empresas, cabe descartar a priori e en todo caso calquera prexuízo ao dereito de terceiros polo feito da presentación antes do 13 de maio, pola sinxela razón de que neste procedemento as solicitudes son obxecto de resolución conxunta ao final do proceso, polo que ningún prexuízo pode causar a admisión a trámite das solicitudes presentadas o día 12, dado que, de non ter sido presentadas nesa data (presentación, ademais, que foi inducida por un erro da propia administración convocante na información pública realizada a través da páxina web) é evidente que os interesados as terían presentado igual o día 13 de maio, co que o resultado práctico sería o mesmo.

No caso das subvencións a autónomos, a data de presentación ten maior relevancia na medida en que, como recolle a base 1ª, parágrafo último das bases da convocatoria, “a concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación”. Así, se se dese o caso de que as solicitudes do día 12 tivesen esgotado o crédito orzamentario de maneira que todos ou unha parte dos solicitantes do día 13 se visen privados das axudas, a infracción do prazo tería reportado unha vantaxe ilícita aos solicitantes do día 12. Pero sucede que ese suposto non se deu: as solicitudes do día 12 (non todas concedidas, por certo, dado que bastantes delas tiñan deficiencias que deben emendarse, polo que se atopan aínda en trámite) non esgotaron o crédito orzamentario dispoñible, e a súa presentación, por tanto, non puido prexudicar aos solicitantes do día 13 de maio (nin tampouco aos de días posteriores, cabe engadir, xa que incluso sumando as solicitudes dos días 12 e 13 de maio o crédito non se esgotou, sendo ademais agora mesmo previsible – aínda que ata que remate o proceso non poderá afirmarse con certeza – que o crédito non se esgote e permitirá atender todas e cada unha das solicitudes presentadas que cumpran os requisitos da convocatoria). Polo tanto, o efecto práctico do erro informativo producido foi nulo: de terse presentado as solicitudes do 12 de maio o día 13 (que é o que tería sucedido de non terse indicado na web que xa se podía facer o día 12) o resultado práctico do procedemento non variaría.

III. Conclusión:

Como conclusión do anterior, cabe formular as seguintes:

1ª) Que debe darse resposta expresa, mediante resolución da Presidencia, ás solicitudes do deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino, coa data límite do 8 de xuño para a solicitude formulada o 3 de xuño e 9 de xuño para a solicitude formulada o 4 de xuño.

2ª) Que procede dar acceso ao deputado solicitante aos documentos seguintes:

a) Relación das solicitudes presentadas no rexistro desta Deputación ou noutros legalmente establecidos con data 12 de maio de 2020, indicando data e hora de rexistro, así como datos do solicitante, sobre as subvencións convocadas pola Deputación para traballadores autónomos e pequenas empresas dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes afectados pola crise do COVID 19.

b) A mesma relación sinalada no apartado anterior, pero reducida ás solicitudes que xa foron resoltas ou pagadas con data 4 de xuño ás 13 horas e 1 minuto.

3º) Que non procede a entrega de copia da documentación presentada polos solicitantes, dado que polo enorme volume de documentación que implica (miles de documentos que, ademais, conteñen en moitos casos información sensible das persoas interesadas - como son os seus datos bancarios) esa petición pode considerarse excesiva ou non xustificada, máxime cando non se expón ningún motivo polo que se necesite dispoñer de copia de tódalas solicitudes, e cando cabe presumir que gran parte desa documentación careza de calquera utilidade ou necesidade para os deputados provinciais do Grupo Socialista (por exemplo, non se xustifica por que sería necesario expedir copia dos centos de certificacións de contas correntes achegadas polos solicitantes).

Non obstante o anterior, o deputado solicitante (ou calquera outro deputado ou persoal eventual do seu grupo) poderá acceder, en horario de oficina, ás ditas solicitudes no Negociado de Transparencia e Información Cidadá, a través dun ordenador habilitado para o efecto, podendo contactar co dito Negociado para a fixación de data e hora de consulta nos teléfonos 988317605/629226655 o mediante correo a transparencia@depourense.es, sen prexuízo de que, posteriormente, e tralo análise da documentación, o deputado interesado poida solicitar copia da documentación integrante de determinadas solicitudes, se o considera necesario. Debe advertirse que, en todo caso, con esta decisión non se limita o acceso á información, senón que simplemente se restrinxe a emisión de copias de miles de documentos, á vista do custe que isto suporía e de que a necesidade desas copias non pode considerarse acreditada.

É canto cabe informar. “

Tendo en conta o criterio expresado no dito informe, que se incorpora a este documento a efectos de motivación, procede resolver as solicitudes do deputado interesado nos termos propostos polo Secretario Xeral.

Polo exposto, **DISPÓÑO:**

1º) Que por parte do Negociado de Transparencia e Información Cidadá se proceda a elaborar e remitir a don Rafael Rodríguez Villarino, á maior brevidade posible, os documentos seguintes:

a) Relación das solicitudes presentadas no rexistro desta Deputación ou noutros legalmente establecidos con data 12 de maio de 2020, indicando data e hora de rexistro, así como datos do solicitante, sobre as subvencións convocadas pola Deputación para traballadores autónomos e pequenas empresas dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes afectados pola crise do COVID 19.

b) A mesma relación sinalada no apartado anterior, pero reducida ás solicitudes que xa foron resoltas ou pagadas con data 4 de xuño ás 13 horas e 1 minuto.

2º) Denegar a entrega a don Rafael Rodríguez Villarino de copia da documentación presentada polos solicitantes, dado que polo enorme volume de documentación que implica (miles de documentos que, ademais, conteñen en moitos casos información sensible das persoas interesadas - como son os seus datos bancarios) esa petición pode considerarse excesiva ou non xustificada, máxime cando non se expón ningún motivo polo que se necesite dispoñer de copia de tódalas solicitudes, e cando cabe presumir que gran parte desa documentación careza de calquera utilidade ou necesidade para os deputados provinciais do Grupo Socialista (por exemplo, non se xustifica por que sería necesario expedir copia dos centos de certificacións de contas correntes achegadas polos solicitantes).

Non obstante o anterior, o deputado solicitante (ou calquera outro deputado ou persoal eventual do seu grupo) poderá acceder, en horario de oficina, ás ditas solicitudes no Negociado de Transparencia e Información Cidadá, a través dun ordenador habilitado para o efecto, podendo contactar co dito Negociado para a fixación de data e hora de consulta nos teléfonos 988317605/629226655 o mediante correo a transparencia@depourense.es, sen prexuízo de que, posteriormente, e tralo análise da documentación, o deputado interesado poida solicitar copia da documentación integrante de determinadas solicitudes, se o considera necesario.

Debe advertirse que, en todo caso, con esta decisión non se limita o acceso á información, senón que simplemente se restrinxen a emisión de copias de miles de documentos, á vista do custe que isto suporía e de que a necesidade desas copias non pode considerarse acreditada.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.